



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

A razón de ser do noso Centro

MISIÓN

A Misión do IES AS TELLEIRAS é potenciar, nun clima de cordialidade, un ensino actualizado que fomente o espírito crítico, o respecto aos principios democráticos de convivencia, tolerancia e igualdade entre os sexos e implique a toda a comunidade educativa na tarefa de formación e orientación para que, en colaboración co resto da sociedade, se favoreza o desenvolvemento integral do alumnado.

O noso centro aspira a:

VISIÓN

...por medio da implantación dun sistema de calidade e dun estilo de xestión do centro transparente e participativa, coa práctica do traballo en equipo e a colaboración de toda a comunidade educativa, manter un nivel de excelencia que posibilite que o alumnado se encontre cos suficientes apoios materiais e persoais para que contemple a súa educación como unha oportunidade de enriquecemento persoal, que lle permitirá desenvolver ao máximo a súas capacidades.

Os valores que a nosa organización considera axeitados son:

VALORES

Consideramos valores fundamentais no noso centro os seguintes:

Fomentar actitudes de respecto ao medio ambiente e ás tradicións e manifestacións socioculturais

Potenciar actitudes de solidariedade, tolerancia e respecto ante a diversidade racial, cultural e relixiosa/moral

A planificación do Instituto no seu círculo de influencia, orientada a procesos dentro dun sistema de calidade, co que isto implica de implantación dunha cultura de mellora continuada baseándose en indicadores.

A potenciación da participación dentro dun clima de cordialidade e respecto no que se escoite a opinión de todos os membros da comunidade educativa

E para rematar consideramos crucial afrontar os conflitos dentro dun esquema gana-gañas onde a escoita activa marque o estilo na comunicación e resolución dos problemas.